

**COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE  
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA  
DO DÍA 6 DE ABRIL DE 2018**

**Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:**

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 23 de febreiro de 2018.
2. Designar como representantes da Facultade na Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUE 2018) á Prof.<sup>a</sup> Dra. Susana Álvarez González (titular) e á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto (suplente).
3. A seguinte asignación do orzamento correspondente ás axudas do Consello Social para o desenvolvemento de prácticas dos alumnos durante o ano 2018:
  - A) Cubrir, ata onde sexa posible, os gastos de desprazamento do alumnado que realizou as prácticas no Parlamento de Galicia coa limitación de que non se abonará máis do que custa o transporte público.
  - B) 500€ como máximo para a actividade do Prof. Dr. Vicente Guzmán Fluja, Catedrático de Dereito procesual da Universidade Pablo de Olavide de Sevilla.
  - C) 500€ como máximo para a actividade do Prof. Dr. Alfonso Luis Calvo Caravaca, Catedrático de Dereito internacional privado da Universidade Carlos III de Madrid.
  - D) O orzamento restante asignarase ao “Seminario de Emprego e saídas profesionais no ámbito xurídico”.
4. En relación coa titorización do Traballo de Fin de Grao da alumna D.<sup>a</sup> Ana Estévez González:
  - A) Propoñer ao profesor D. José Abundancia Domínguez como novo titor, en substitución do Prof. Dr. Fernando de Franco Paz.
  - B) De non resultar posible a titorización por parte do devandito profesor, solicitar á coordinadora da Área de Dereito civil, a profesora Dra. Helena Martínez Hens, a designación dunha nova persoa titora.

Ourense, 9 de abril de 2018



**Concepción Martínez Martínez  
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO**

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 6 de abril de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 9 de abril de 2018.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.